

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DOS GASTOS POLOS HONORARIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE: "ACONDICIONAMIENTO, AMPLIACIÓN Y CUBRICIÓN DE ÁREA DE JUEGOS INFANTILES EN LA PLAZA DE AGUAS FÉRREAS".

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 59-2021, por un importe total de 5.372,40 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas dos gastos polos honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra de: "Acondicionamiento, ampliación y cubrición de área de juegos infantiles en la plaza de Aguas Férreas".

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/2104 de data 27/12/2021, así como RCMOD: 2021/95767 de data 27/12/2021, por importe de 5.372,40 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 5.372,40 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	5.372,40 €	17000.61900	19RT00027	5.372,40 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	5.372,40 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		5.372,40 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac3056529940404692927.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 59-2021 Urbanismo- Pl. Augas Férreas

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.